

Ourense, a 25 de agosto de 2020

Estimadas familias:

Antes do acostumado poñémonos en contacto con vostedes pola realidade que vivimos; queremos transmitirles que dende o Equipo Directivo estamos planificando o inicio do curso seguindo os protocolos de seguridade e prevención marcados dende as Consellerías de Educación e Sanidade. A nosa prioridade é maximizar a seguridade do noso alumnado, familias e educadores no comezo da actividade lectiva a partires do día 10 de setembro para os alumnos/as de EI/EP e do día 16 de para os alumnos/as de ESO.

Na páxina Web do colexio, na sección: “Información curso 2020-21”, atoparán calquera nova que nos sexa comunicada dende a Consellería de Educación.

Saiban que dende o colexio estamos traballando para que a actividade educativa se desenvolva nunha contorna segura para toda a Comunidade Educativa. Tamén serán informados/as dos nosos “Protocolos de Adaptación ao contexto COVID-19” sobre as medidas hixiénicas, preventivas e organizativas (entradas, saídas, recreos, desprazamentos dentro do colexio) que levaremos a cabo porque comprendemos que é de vital importancia para todas as familias contar coa máxima información posible para encarar a organización do vindeiro mes de setembro.

Porén, a actual situación sanitaria está facendo que as Autoridades competentes replanten as directrices dadas no mes de xullo.

Unha vez máis agradecemos de antemán a súa colaboración e responsabilidade, para afrontar un novo curso escolar marcado polas circunstancias actuais, que coma sempre contamos con ela.

Hoxe que celebramos a San Xosé de Calasanz, patrón das escolas cristiáns, en quen temos as nosas raíces pedagóxicas, contamos coa súa protección e axuda nesta situación de tanta incerteza e na que confiamos saber dar a resposta axeitada en cada circunstancia que ao longo do curso poida xurdir.

Reciban un cordial saúdo.

A Dirección